NOTA DE PRENSA

Celebración da XXI Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega) cunha cifra record de participación con 526 alumnos/as inscritos/as de 47 centros de toda Galicia

Santiago, 6 de febreiro de 2026.- O pasado venres 6 de febreiro celebrouse a XXI Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega) na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela, convocada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia - COBGA, a Asociación Olimpíada de Bioloxía (OEB), e coa colaboración das tres universidades galegas e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudantado do sistema educativo español.

Este ano celebramos a **vixésimo primeira edición da Fase Galega dá Olimpíada de Bioloxía**. Ao longo destas máis de dúas décadas, este evento foi un punto de encontro esencial para fomentar o interese pola Bioloxía entre o alumnado de Bacharelato, brindando unha plataforma para identificar, recoñecer e motivar aos novos talentos que son xa, alguns deles, protagonistas dos avances científicos na nosa sociedade.

O pasado 23 de xaneiro fixose unha selección previa mediante unha proba teórica na modalidade online. Novamente se rexistrou unha cifra record de participación con 526 alumnos/as inscritos/as de 47 centros de toda Galicia e de estos seleccionáronse os 100 mellores alumnos/as.

Esta fase presencial contou cunha proba teórica tipo test e probas prácticas de laboratorio, cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

NOTA DE PRENSA: Celebración da XX Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Resultaron ganadores de la XXI Edición

1º Sergio Rodríguez Rodríguez, IES Pedras Rubias (Salceda de Caselas)
2º Le Zhou, IES Xulián Magariños (Negreira)
3º Cecilia Fernández Suárez, Colegio Obradoiro International School (A Coruña)

As/o tres seguintes substituiran aos 3 primeiros en caso de non poder asistir

4º Aday Neiza Nuñez, IES Canido (Ferrol)
5º David Suárez Fernández, IES Otero Pedrayo (Ourense)
6º Inés Maneiro Jurjo, Colexio Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela)

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará en Cantabria do doce ao quince de marzo.

O certame conta co patrocinio de **Principia Editorial, Museos Científicos Coruñeses**, **Conservas Friscos e Asociación para a Promoción Territorial Montañas do Courel**.

Con motivo do convenio coa **Consellería de Cultura, Educación e Universidade** a Olimpíada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente e terán lugar duas charlas: Unha co poñente Juan José Nieto Fontarigo que falará sobre asma e biomarcadores e outra de Javier Dubert Pérez centrada na microbioloxía mariña, especialmente nos patóxenos bacterianos que afectan a bivalvos en criadeiros e sistemas de acuicultura, e unha conferencia final a cargo de María Victoria González González sobre o Kiwi.